



RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2020, do Servizo Provincial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación, e a data para o pago de depósitos previos e a formalización das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras do proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-551, puntos quilométricos 7+800 a 8+800, de clave PO/17/141.06, nos concellos de Marín e Bueu.

Con data 11 de maio de 2020, a Axencia Galega de Infraestruturas emite resolución, onde acorda o inicio e a continuación de determinados procedementos administrativos de expropiación de terreos e bens afectados pola execución de obras competencia da Axencia, ou que lle teñan sido encomendadas, ao abeiro do disposto na Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu apartado 2^o a competencia da comunidade autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

Con data de 24 de outubro de 2019 a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-551, puntos quilométricos 7+800 a 8+800, de clave PO/17/141.06, nos concellos de Marín e Bueu, por Decreto 139/2019, publicado no Diario Oficial de Galicia de data de 7 de novembro de 2019.

A tramitación do expediente expropiatorio debe de axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servizo, en virtude das competencias delegadas por Orde do 7 de setembro de 2017 (DOG núm. 179 do 20.9.2017), resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de Marín e Bueu, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal de Bueu

Lugar: Casa do Concello de Bueu.

Data: 2 de xullo de 2020, de 10.00 ás 13.45 horas.

Termo municipal de Marín

Lugar: Casa do Concello de Marín.

Data: 3 de xullo de 2020, de 11.00 ás 11.45 horas.

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957, este servizo procederá a executar o pagamento dos depósitos previos mediante transferencia bancaria ás persoas propietarias. No caso de non ter presentado a documentación acreditativa da titularidade da finca, o certificado de titularidade da conta bancaria, cos códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos conforme o disposto no artigo 51 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa.



Así mesmo, en cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa convócanse ás persoas propietarias ao acto de formalización das actas de ocupación no lugar, día e hora seguintes:

Termo municipal de Bueu

Lugar: Casa do Concello de Bueu.

Data: 20 de agosto de 2020, de 10.00 ás 13.45 horas.

Termo municipal de Marín

Lugar: Casa do Concello de Marín.

Data: 21 de agosto de 2020, de 11.00 ás 11.45 horas.

No mesmo acto ofertaranse ás persoas propietarias as valoracións establecidas pola administración para cada unha das fincas en concepto de mutuo acordo.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no concello de Marín e Bueu, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Avda. M^a Victoria Moreno, n^o 43-1^o, 36003 Pontevedra, e publicarase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso_0162.html

Así mesmo realizarase a convocatoria aos interesados, de ambos actos, mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados, persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, no seu caso, outra documentación que se requira, xustificante do pago do IBI), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, a fin de proceder aos sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, para o cal poderán ir acompañados pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O Xefe do Servizo Provincial de Pontevedra
Manuel Ángel González Juanatey

